

ELA

(...)

Apalpo a limpeza social, a anestesia consentida que nos aconsella resistir sen atender, apalpo argumentos que escachan, un a un, atronando no silencio, e é todo tan tanxible que unha esperta ás tres da mañá sentindo no silencio o ruído da brutalidade dos seus pensamentos embrutecidos; e tampouco pasa nada porque nunca pasa nada. Mais a clarividencia desas horas da madrugada, a certeza sen pretexto de que todo ese ruído é moito máis importante que os libros que les, que a música que escoitas, moito máis importante que a suma de todas as peles que acariciaches centímetro a centímetro, a certeza de que é máis importante achégache a unha verdade que non é minimamente soportable.

Sabes que é soportable, sabes que non é soportable, mais sabes que é soportable.

Para que lle dou tantas voltas se sei que son quen de soportalo, polo menos de día, atarefada, acomodando a cama desarrumada, observando os estragos do tempo... E quen di observar os estragos ou acomodar a cama, di calquera cousa do tempo ou de calquera concepto, di acomodar calquera cousa do tempo ou de calquera concepto.

(...)

Co fin de ver inmaculada a imaxe no *instagram*, a muller pon unhas desas gafas de presbicia mercadas na parafarmacia; sei que foron mercadas na parafarmacia porque no

estoxo pon *parafarmacia*; as drogas sonche a hostia, logro sen dificultade ver as letras de *parafarmacia* no estoxo e non enfoco a tía arruinada, a nena violada, o can abandonado nin o éxodo de vellas e, si, a palabriña no estoxo véxoa con absoluta claridade, ata distingo unha especie de reflexo na parte interior das letras. Ten todo o sentido do mundo: non abro as veas para evitar a palabra *parafarmacia* nun estoxo.

Non.

Non é para iso.

Non enfoco o mesmo a túa cara, non enfoco nitidamente a túa cara nin esa expresión de desconcerto, ata podería ser unha expresión de terror por isto que che conto.

A muller amplía zoom e di *que horror que horror canto horror hai no mundo*, persignase para espantar non sei a quen e menea a cabeza dun lado a outro, leva un abrigo de pel, de visón ou de lontra –non son quen de distinguir os coiros peludos a non ser que sexan de felino con manchas perfiladas– e arrepiase do que ve; é graciosa a grandísima filla de puta. Sen deixar de menear a cabeza vólvenme chamar drogadicta e indecente e persoa sen dereito á vida e non sei cantas cousas máis que me fan rir, fanme rir tanto que me entra gana de algo de chocolate negro.

E non como chocolate negro porque non me peta comelo, como chocolate branco que non me apetece, ou non me apetece tanto; ás veces fago cousas así para probarme a min mesma e para que logo, ás tres da mañá, cando esperte e sexa consciente de que *todo é nada* e de que o consistente é o silencio, o ruído no silencio e todo o terrible que hai no medio dese silencio e dese ruído no silencio, poida mirar para min mesma con orgullo e crer que teño un chisco de control, que hoxe quixen comer chocolate negro e non comín: comín branco.

Sei ben que por moita anti-revolución, por moita droga dura que *te metas*, por moita imaxe deformada, sempre queda un pouso dos principios que che meteron na cabeza, diso da dignidade, da vontade, da humanidade... esas cousas... e que non hai anti-revolución completa nin pura, iso seino ben.

Son drogadicta vocacional, mais non parva.

Entón ese é o meu acto de *humanidade* do día: quero chocolate negro, como chocolate branco. E non me veñas con que este feito ten menos mérito que, un supoñer, ir ao ximnasio tres horas e cear auga fervida con limón, non me veñas con iso porque querer chocolate negro e comer chocolate branco é un acto de dignificación persoal tan digno de loa coma calquera outro.

O do acto de dignificación díxoo, ou díxeno, ou dixemos parte cada unha de nós, cos ollos vermellos e pesados, sentadas nun parque de cativas quentando heroína nunha culler mercada nos chinos, orgullosas da nosa idea, sentíndonos coherentes, nunca tan coherentes como agora, nunca, de verdade que nunca, tan coherentes como agora, desdebuxando inquedanzas xuntas, iniciando a nosa anti-revolución case durmidas, sentindo os ecos dunha manifestación da que non entendiamos as proclamas, podería ser calquera, podería ser que pedisen o feche dunha celulosa que contamina a ría, podería ser a supresión dun ERE dalgunha empresa que en vez de ter ganancias millonarias tivese ganancias algo menos millonarias, podería ser pola sanidade pública ou pola paralización dun desafiuzamento a unha nai soa cunha nena discapacitada, ou con dúas nenas, ou con cinco nenas, a min que me importa, a min que hostias me importa. A quen si escoitamos con claridade, ela e máis eu, ou unha de nós que llo contou á outra, foi á señora do abrigo de visón ou de lontra –de felino non era– que dixo *si se pusieran a trabajar mejor les iría*; non sabiamos se ía por nós ou pola manifestación, supuxemos que era pola manifestación

porque de nós non sabe nada, non sabe se traballamos ou non traballamos, talvez tirase a conclusión de que non traballamos polo de vernos quentar *cabalo*, mais sería unha conclusión *ao tuntún*, podería ser que traballásemos, non traballamos pero podería ser que traballásemos, ela non pode sabelo, seguro que o dicía polos da manifestación, e o razoamento vén sendo o mesmo, igual os que están na manifestación traballan; ela non debería falar así, con tanta soltura, mais fala e nós escachamos da risa de tanta soltura.

Porque é unha risa tanta soltura e tanto escándalo e tanto sinal da cruz.

Unha risa.

Unha risa grandísima.

A señora lémbreme a miña nai que morreu hai un tempo, aínda que tampouco é relevante porque co desenfoque que levo enriba toda as mulleres me lembran a miña nai, desenfocada por absoluta necesidade de supervivencia.

Ese día, o día do pasamento da nai, foi un dos días revelación, díxenllo eu a ela, desta estou certa que fun eu quen o dixo porque a referencia era o día do pasamento e ese día era meu, propio, non era un razoamento trasladable, nin abstracto, nin desenfocado, nin nada de nada.

No funeral da nai pensaba que oxalá soubese ben o que é o amor á nai, víñame iso; as frases protocolarias, esas de *é lei de vida, agora descansa*, e as máis elaboradas, *volveredes toparvos no ceo*, facíanme graza, mais non era hora de rir, era hora de chorar, eu era a filla e tocaba chorar.

Agora, por riba isto, pensar en chorar, pensar en algo triste, como din os homes que fan cando non queren exacular antes do momento que consideran propicio para exacular.

Grazas, si, é lei de vida, si, tiña que descansar, si, toparémonos no ceo, grazas.

Fíxenme atea por iso, por non pensar no ceo; se os católicos deixasen o limbo intacto pensaríame o de volver ao catolicismo, pero esa sarta de certezas tan *certezas* é algo que bota para atrás a calquera.

Pensaba, no funeral, no limbo e nas exaculacións dos homes...

Pensaba tamén que a imaxe da saída dunha vaxina sempre me deu noxo e concretar a vaxina máis noxo, non consigo tocar o meu embigo, prodúceme tal repugnancia que chego ao vómito; sei o que me pasa, non preciso análises profundas nin terapias *bio-nada*.

Unha vez fun a un psicólogo –non polo do embigo, por todo en xeral– púxome unha cadeira en fronte, díxome que esa cadeira era a miña nai e convidoume a que expresase os sentimentos que me producía –as súas palabras foron *convídoche a que expreses*–.

Entrábame a risa e iso que non me drogaba daquela, nada, nin medio gramo, era risa natural, o mesmo que no enterro, que me parecían graciosos, de xeito natural, os comentarios sobre o ceo e toparnos alí e todo iso. A miña cabeza ía a mil por hora na procura de algo que dicir; que quererá escoitar este subnormal? Pensaba en que cando fas unha cortadura no peixe para poñerlle o limón, o coitelo fai un son estraño, iso non llo ía dicir á cadeira baleira, nomeei algún sentimento inconexo, algunha incerteza, e logo describín un vestido de lunares vermellos que me regalara a miña nai cando cumprira doce anos; o psicólogo dixo *ahá* e veña facer preguntas sobre o vestido, que como era, que tipo de tecido tiña, se era suave ou áspero... Tan envolvida me vin no asunto que acabei chorando pola perda do vestido, esquecendo que nunca houbera tal, que ese vestido llo vira a un manequín e que fora o primeiro que me viñera á mente, á parte do peixe e do limón.

No enterro, ademais de conter a risa, ansiaba sentir algo forte, morrer de dor, quedar baleira, rota, esfurricada, ter ardores de estómago da pena, mais non pasaba nada diso e

era horrible. Non pasaba nada. Sería tan bo que pasase algo... Ía volver para casa a seguir igual que estaba, pero sen nai... Igual que estaba...

E o babeco do psicólogo, ante tanto problema que eu tiña, ante tanto que precisaba saber, dime que na seguinte sesión –que eu ben sabía que non habería outra– iamos seguir a profundar no vestido de lunares: sesenta euros á merda. Un psicólogo debería saber cando se está a inventar unha mentira. Se tivese cartos dabondo iría psicólogo tras psicólogo contando trolas cada vez máis desaforadas a ver se as descubrían, por divertimento, porque, total, gástanse os cartos en cousas menos produtivas: mesmo a caixa na que enterramos a miña nai, que pasou dos tres mil. Cando fun mercala un home deume un catálogo plastificado recalzándome, antes de que escollese, que o funeral dunha nai non era momento de escatimar, que unha nai foi quen nos deu a vida e que el, o que vendía as caixas –que parecía unha eminencia niso da morte co seu traxe tan negro e tan limpo e con tanto cheiro a alcanfor– consideraba intolerable non procurar o mellor no enterro dunha nai. Ante tal contundencia dixeran *esta, quedo con esta*; el aceptou encantado e deume a man moi forte, coma se fose unha man *sentida*, dicindo *ánimo*. Alá foron tres mil *pavos* na caixa e sesenta no psicólogo, todo malgastado, malgastado igual ca vida, dixeran ese día...

Pensei. Non dixeran nada. Pensei iso.